
Solicitud de
PLAN DE
MELLORA DE
BIBLIOTECAS
ESCOLARES

-CURSO 2022/2023-

Bibliotecas
escolares
de Galicia



BIBLIOTECA ANTÓN CORTIZAS

CEIP Isaac Peral

XUSTIFICACIÓN

É labor do equipo de Biblioteca promover a lectura de todo o alumnado, a través de distintas actividades seleccionando lecturas axeitadas e presentando diferentes temáticas e formatos.

O curso que ven, queremos centramos nos personaxes, temáticas e formato do cómic.

O cómic é moi atractivo para nenos e nenas, e pode servirnos de reclamo para traballar outros aspectos coma historia, traballar o cómic clásico, a tolerancia, pode servirnos tamén para achegar ós alumnos a obras literarias que non están dirixidas a súa idade....

Doutra banda podemos traballar tamén a figura do antiheroe, e a muller como escritora de cómic, un campo reservado antes ós homes case en exclusividade.

Agora mesmo estase editando moito para todas as idades, chegando incluso aos máis pequenos, tamén aos prelectores, con historias montadas só con imaxes.

Cremos ademáis que é unha oportunidade e punto de partida para fomentar un taller de ilustración e de escritura creativa.

1. Organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».

A organización e xestión da biblioteca escolar prográmase conxuntamente polo grupo dinamizador da mesma, no tempo das reunións. Despois require moitas horas máis de dedicación das que case nunca se dispoñen, pero con esforzo, interese e moito amor polo fomento da lectura imos pouco a pouco conseguindo obxectivos.

Prevense actuacións similares aos dos cursos anteriores e aquelas novas, necesarias para o desenvolvemento do novo proxecto.

Primeiras xestións a levar a cabo:

- Organización da biblioteca: distribución do mobiliario, organización dos materiais e decoración do espazo.
- Organización do horario: alumnos/as axudantes, profesorado e tempo de uso de cada aula.
- Expurgación de material deteriorado.
- Busca e adquisición do material necesario para o noso proxecto.
- Organización, xestión e desenvolvemento das actividades.
- Adquisición e catalogación de novos fondos literarios e audiovisuais.
- Préstamos: con fomento das novidades literarias.
- Elaboración de paneis informativos e motivadores das actividades e guías de lectura.
- Selección de contos e cómics con calidade temática e estética motivadores da lectura polas aulas.
- Encontro con personaxes relevantes relacionados coa temática tratada.
- Exposición dos traballos realizados.
- Organización dos materias das *mochilas viaxeiras*.

2. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Co fin de dinamizar e promocionar os recursos da biblioteca procuraremos fomentar o uso do blogue e a páxina web como medio de apertura do centro á comunidade educativa, tan necesaria no momento en que o centro non pode abrir as súas portas todo o que lle gustaría.

Por outra parte, propoñemos desenvolver un proxecto que procura ser interdisciplinar e integrador, que abrangue todas as áreas do currículo e debe axudar a desenvolver todas as competencias. Un proxecto cuxo eixe central é o cómic, que procura suscitar a curiosidade do alumnado, motivándoos cara a lectura, ilustración e escritura creativa.

3. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital).

Levaranse a cabo todas as actuacións que a situación sanitaria permita:

- Formar a todo o profesorado para un bo uso da biblioteca atendendo á nova colocación dos libros (modificada o curso anterior co novo mobiliario, e sobre todo a parte de infantil, co novo etiquetado que vai permitir unha mellor accesibilidade) mostrando as posibilidades que ofrece en si mesma como punto de partida de moitas actividades do centro, e como espazo lúdico.

- Promover a formación do profesorado en cursos relacionados con bibliotecas escolares.

- Formar ao alumnado na busca e selección da información en diferentes soportes: ordenador, mapas, enciclopedias, vídeos documentais ...

- Formar ao alumnado de 6º para que sexa quen de rexistrar no ordenador os empréstitos e manteña en orde a biblioteca.

- Formar ao alumnado de 3º de E.P. e alumnado novo para que saiban buscar un libro e gardalo no seu lugar correspondente.

- Xogos para a adquisición destas habilidades.

- Entrega do tríptico explicativo do bo uso da biblioteca e guía de usuarios ao alumnado novo e 3º de E.P. Esta guía está exposta na biblioteca en formato DIN A-3.

- Fomentar a consulta da nosa páxina web.

- Obradoiro Tics, alumnado de 4º coa finalidade de poder acadar a formación en competencias dixitais cara á súa preparación do uso do programa de estudos DIXGAL, que se desenvolve nos cursos de 5º e 6º de E. Primaria.

- Este curso ademais introduciremos a familias voluntarias para actividades organizativas, sempre que a pandemia o permita.

4. Fomento da lectura e o desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

Continuarase a levar a cabo as actividades que son valoradas e dan moi bos resultados:

- Fomento da lectura en familia: mochila viaxeira, continuarase coa ampliación de 15 días de permanencia na casa que resultou moi positivo (en Infantil unha semana)

- Hora de ler como impulsora do desenvolvemento da lectura e da mellora das competencias. Faremos lecturas individuais, colectivas, por parellas, por parte do mestre/a...

- Lectura na rede: seguir mantendo as liñas de actuación de cursos pasados (lecturas online). Traballos de investigación a través de páxinas webquest, blogs.

- Encontros con escritores/as, ilustradores/as e persoas relevantes da cultura. Unha das actividades con máis aceptación, xa que o alumnado goza coas experiencias contadas por estas persoas.

- Presentación por parte do equipo da Biblioteca, das novidades adquiridas para o bo desenvolvemento do proxecto e outras lecturas.

Seguiremos traballando as novidades dos últimos cursos:

- Actividades lúdicas e creativas: xogos de rimas, adiviñas; facer marca-páxinas, ...
- Recomendación do libro favorito por parte dos mestres/as e alumnado.
- Apadriñamentos lectores, que se desenvolverán todos os xoves de cada mes (se a pandemia o permite).

Relacionado co proxecto en si, procuraranse os seguintes obxectivos:

- Mergullarse na lectura de distintas temáticas plantexadas a través do cómic.
- Decorar a biblioteca, aulas, corredores etc
- Investigar sobre os/as distintos/as escritores/as, ilustradores/as, personaxes...
- Favorecer o pensamento crítico e reflexivo do alumnado.
- Elaborar cómics de xeito individual, grupal...
- Desenvolver actividades e xogos da temática a tratar.
- Participar en talleres de escritura creativa.

5. Avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Procurar que a biblioteca contribúa ao papel compensador de desigualdades que ten a escola.
- Amosar a Biblioteca como espazo de lecer.
- Adquirir recursos adaptados ás necesidades e gustos do alumnado.
- Organizar espazos adaptados a toda a comunidade educativa tendo en conta a diversidade.
- Contar cun catálogo amplo onde se da visibilidade á diversidade en temas presentes na vida cotiá: familia, sexualidade, discapacidade, cultura...
- Adquirir ferramentas adaptadas ás persoas discapacitadas.

6. Outras actuacións.

A biblioteca é o verdadeiro centro de recursos de toda a comunidade educativa, debe ser o medio facilitador do material necesario para o desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe.

Por isto, desde a biblioteca procurarase aportar material e axuda na elaboración de actividades que integren o proxecto nas súas actuacións, así como todas aquelas que dun ou outro xeito promovan o fomento da lectura e a escritura.

Seguiranse a elaborar guías de lectura cara aos períodos de vacacións ou en datas concretas co fin de potenciar a lectura entre a comunidade educativa.

Ademais das actividades propias do proxecto seguiranse a programar outras en datas sinaladas: Día de Rosalía, Día da Poesía, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Muller...

Estaremos coordinados cos outros grupos dinamizadores para o desenvolvemento común de actividades ao redor do proxecto. Atenderemos tamén ás posibles propostas da ANPA.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

Procuramos establecer e impulsar mecanismos de avaliación útiles, a partir dun traballo sistemático de recollida de accións de Biblioteca.

- Uso e valoración do espazo da biblioteca (profesorado, alumnado, implicación familiar).
- Cantidade de préstamos realizados e libros máis lidos.

- Tempos para a reflexión: adecuación das actividades programadas para o fomento lector e formación para o acceso á información.
- Diversidade dos destinatarios.
- Estratexias que abranguen a difusión, a comunicación e a sinalización.

8. Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

<i>Amalia Fontes Rey</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>E.Primaria (Coordinadora)</i>
<i>Sofía Meixoeiro Pérez-Mendaña</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>E.Infantil</i>
<i>Ángela Pérez Ruíz</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>E.Primaria</i>
<i>Raquel Sedes Díaz</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>E. Primaria</i>
<i>M^a Leonor Janeiro Lombos</i>		<i>Relixión</i>
<i>Antía Fernández López</i>	<i>P.Definitiva</i>	<i>E.Primaria</i>

A persoa responsable da dinamización da biblioteca será **Amalia Fontes Rey**.

Esta composición pode sufrir modificacións na adxudicación definitiva no claustro de comezo de curso. Nesta composición consideramos fundamental que estea representado profesorado de diferentes niveis para así poder garantir a coordinación co resto do profesorado.

Con respecto ao horario: A coordinadora disporá de 3 horas semanais e o grupo de apoio terá 1 hora semanal, que é a que se emprega para realizar as funcións necesarias para organizar as actividades e outras necesidades, xa que hai que afrontar numerosas tarefas para un bo funcionamento dunha biblioteca escolar.

Ferrol, a 13 de xuño de 2022

A responsable da biblioteca

Vto. e prace da dirección



Ángela Pérez Ruíz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL



Marta López Díaz